

Voa sen ás

Estou encerrada e

as voces non calan.

Vexo miles de fotografías ante min,

o cuarto empequecece.

Bótome de menos.

Cada vez é máis escuro,

non o soporto,

non me soporto.

Soidade, inseguridades,

medo, angustia.

Inquietudes, ganas,

orgullo, braveza.

Todo o que esnaca aflora,

Por que soportar todo isto?

Baleiro.

A miña cabeza é un bucle.

Toco a herba, hai brisa.

Quen dixo que a soidade e o medo eran malas?

O cuarto agranda.

Alcánzame unha raiola.

Controlo o meu presente.

Descoñezo o meu futuro.

Baleiro

Son forte, seguirei.

Abro os ollos, érgome

Gozo o solpor e o

serán dos meus pensamentos.

O cuarto esfúmase.